



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15625 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2024/G003/000336

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN EXPEDIENTE C09-2024. REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE VISANTOÑA

EXPEDIENTE:2024/G003/000336

ANTECEDENTES:

D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía (A Coruña), en uso das facultadas que me confire o apartado 1 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Sobre a base do decreto adoptado por Alcaldía en data de 7 de agosto de 2024, que aproba o proxecto financiado pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude de Resolución do 19 de xullo de 2024, de concesión das axudas correspondentes ao fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.4 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2024, co seguinte desglose de financiamento:

“REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DO PABELLÓN POLIDEPORTIVO DE VISANTOÑA, NO CONCELLO DE MESÍA”	DO DE DE	IMPORTE DA AXUDA	APORTACIÓN MUNICIPAL	ORZAMENTO TOTAL
		58.206,93 €	10.425,23 €	68.632,16 €

Visto que por providencia desta Alcaldía, de data 7 de agosto de 2024, na que se xustifica a necesidade da presente contratación, iniciouse o expediente de contratación desta obra, por procedemento aberto simplificado.

Incorporados ó expediente todos ós documentos preceptivos, cómpre aprobar o expediente para a contratación da obra, polo que de acordo co artigo 117 da citada Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación (que inclúe o prego de cláusulas administrativas que obran no expediente), por procedemento aberto simplificado, da obra denominada “REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DO PABELLÓN POLIDEPORTIVO DE VISANTOÑA, NO CONCELLO DE MESÍA”, por importe de SESENTA E OITO MIL SEISCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON DAZASEIS CÉNTIMOS (68.632,16 €), desglosado en CINCUENTA E SEIS MIL SETECENTOS VINTE EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (56.720,79 €), e o imposto sobre o valor engadido de ONCE



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2024/G003/000336

MIL NOVECENTOS ONCE EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (11.911,37 €).

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación 342.33.63200 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Visto o artigo 326 e a Disposición Adicional 2ª, apartado 7, da LCSP, así como o cadro de persoal do concello de Mesía, noméanse membros da Mesa de contratación a:

-Presidente: A primeira tenente de alcalde: Dª Pilar Sánchez Ulloa. Suplente: o Alcalde D Mariano Iglesias Castro.

-Vogais: D Eladio Bendaña Pardo, secretario-interventor, Dª María José Sesmonde Quinteiro, axente de emprego local. Suplente: D José Manuel Fariña Orgeira, técnico especialista en redes.

-Secretario: Ruperto Manuel García Neira, funcionario administrativo interino.

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación publicando esta resolución e o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante.

En Concello de Mesía, mércores 7 de agosto de 2024

O Alcalde /Presidente

Mariano Iglesias Castro